



## RESULTADOS DA ENQUIZA FINAL



Nas observacións feitas polos alumnos destacan a falta de exercicios resoltos.

### Metodoloxía

**¿Traballaron sós ou en equipo?** 6 din ter traballado sós, 3 en equipo e 1 non contesta.

**¿Realizaron todas as actividades propostas?** Un deles segue sen decantarse e tres recoñecen que non, polo tanto, 6 alumnos din telas feito todas.

**¿Que lles pareceu a aprendizaxe co ordenador?** Á maioría pareceulle BOA ou que NON ESTÁ MAL, outro decidiu que foi INTERESANTE. Só un deles recoñece que non lle gustou e outro que é mellor que explique a profesora.


**¿Que botaron de menos durante a práctica?** Ou ben NADA ou, 3 alumnos, explicacións da profesora e exercicios na pizarra

**¿Resolveron as dúbidas xurdidas?** En xeral sí, so 2 alumnos din que ALGUNHAS

**¿Empregaches o Caderno de Traballo para tomar apuntamentos?** Só 1 alumno recoñece non telo feito

**¿Empregaches o Caderno de Traballo para escribir as conclusións das actividades?** Só 1 alumno recoñece non telo feito

**En observacións:** só 1 alumno escribe algo, supoño que reiterativo, MELLOR COA PROFESORA.



Observacións feitas polos alumnos:

- Electrotecni é de traballar en papel, non co ordenador
- Traballar co ordenador é máis cómodo pero menos efectivo

